

**ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM**  
**MEMORIA ANUAL 2014**



## **1. Introducción**

# **ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM**

## **MEMORIA 2014**

O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO e a organización támara PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (gobierno, feministas, activistas) dende 2007 para tentar poñerlle fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinen as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. Esta práctica leva a que a pirámide de sexos estea invertida para o distrito de Salem (hai máis homes que mulleres, o cal contradí a tendencia natural) e que de cada 1000 nacidos falten 200 nenas. O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram) e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas pero o seu obxectivo último é contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisibile esta e as demais formas de violencia contra as mulleres. No último censo de 2011 e por primeira vez dende que hai rexistros, aumentou o número de nacementos de nenas en Salem fronte ao de nenos, un feito que cómpre celebrar como resultado dun traballo continuado de diferentes actores e no que tamén se enmarca o noso programa.

Presentamos de seguido os resultados das actividades desenvolvidas durante o ano 2014.

## 2. Actividades


### 2.1. Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias

Cada mes as traballadoras do proxecto recollen a lista de mulleres embarazadas dos catro distritos do programa grazas ao apoio das garderías do goberno, as enfermeiras comunitarias e outros apoios dentro das comunidades. Ademais, este traballo axuda o equipo a coñecer cales son as razóns para o rexeitamento das nenas dunha maneira moi concreta. O programa considera que calquera muller que teña unha ou máis fillas está en situación de risco e son precisamente estas mulleres as que forman o grupo prioritario para o programa. Unha vez que se identifica ás mulleres nesta situación, o persoal de base visita a casa da muller embarazada para falar con ela e recoller algúns datos básicos. A traballadora prepara un perfil de cada muller, que se arquiva na oficina para documentar o historial correspondente e as visitas de seguimento posteriores. A partir de aí é función da traballadora de base establecer un bo nivel de confianza e comezar coas sesións de comunicación interpersoal. Tanto o director coma a coordinadora do programa, I. Ambalavanan e Sheela Vincent, visitan tamén as mulleres e comprobán a calidade da documentación e do traballo de forma regular.




Durante este ano **4443** mulleres embarazadas recibiron apoio do programa en forma de seguimento personalizado nos catro bloques do programa. O seguinte diagrama amosa o progreso das interaccións ao longo do ano.

A partir desta primeira interacción comezan as sesións de comunicación interpersonal que teñen como obxectivo provocar un cambio de actitude nas mulleres e as súas familias a través do diálogo e a argumentación. Así, as traballadoras tratan diversos temas relativos ao xénero, alimentación, vacinación e saúde e hixiene. Estas sesións teñen lugar nas casas das propias mulleres e elas poden aclarar dúbidas dado que adoitan carecer deste tipo de información. As sesións comezan dende que a muller entra no programa ata que dá a luz á crianza. A partir de aí hai un seguimento de dezaoto meses se a crianza é unha nena e continúan as sesións de comunicación interpersonal, desta volta centradas aínda moito máis na importancia das nenas, o infanticidio e o xénero. O seguimento de 18 meses asegura a protección da meniña. Neste período realizáronse **45008 sesións de comunicación interpersonal**. A continuación poden verse as sesións realizadas ao longo do ano.




Outro efecto fundamental na área da comunicación interpersonal ten que ver coa motivación para que as mulleres embarazadas acudan aos hospitais para revisión. A práctica de pospoñer ir ao médico ata o sétimo mes e moi común na zona do programa, ou mesmo non ir en ningún caso para evitar o control governamental que isto implica en canto ao termo do embarazo. Isto ten consecuencias nefastas para a saúde das mulleres. Neste período **deriváronse 475 mulleres embarazadas** aos servizos sanitarios. A seguir presentamos os datos do ano.



Outro resultado importante desta actividade é identificar aquelas mulleres e familias onde a presión por ter un varón non remata e onde se precisa unha intervención máis fonda mediante o asesoramento familiar. O programa conta con dúas traballadoras especializadas en apoio psicosocial (counselling) que ofrecen os seus servizos ás mulleres e familias onde o risco de infanticidio é maior.


Unha vez que o persoal de base identifica as mulleres estes casos son derivados para recibir maior atención. As asesoras visitan as mulleres na súas casas e reforzan a súa posición dentro do fogar, axúdanas a desenvolver confianza en si mesmas e a erguer a súa voz dentro da familia para asegurar a protección da meniña. As asesoras realizan visitas de apoio e implican aos homes e familia política para conseguir que o cambio de actitudes sexa global co fin de protexer a vida da nena. O seguinte diagrama amosa as intervencións deste tipo no que vai de ano, que ascenderon a **716 mulleres e 3069 sesións de seguimento**.



Se as asesoras comprobán que se necesita unha interacción con toda a unidade familiar poñen en marcha os chamados “diálogos familiares” para debater conxuntamente con todos os membros da familia a situación. As asesoras motivan as familias


para que críen a nena e respecten os dereitos tanto da mai coma da filla. **Neste ano organizáronse 310 diálogos familiares.**

O seguinte gráfico amosa a evolución neste ano.




Outro aspecto importante que entronca estas actividades co empoderamento das mulleres e a igualdade de xénero ten que ver co apoio que dan estas visitas das traballadoras a aspectos como o control sobre o propio corpo e as decisións sobre a natalidade. Resulta moi habitual que coa esperanza de ter un varón as familias presionen ás mulleres para que queden embarazadas ata cinco e sete veces. O persoal traballa cos maridos e familias políticas para evitar esta situación e para animar ás mulleres a que tomen

medidas de control da natalidade se así o desexaren. O feito de adoptar tales medidas indica que asimilaron a mensaxe de que non é necesario ter un varón para poder ser respectadas socialmente e que aceptan e coidan das fillas que xa teñen. Neste ano **161 mulleres decidiron tomar medidas anticonceptivas permanentes** grazas ao traballo do programa e cómpre sinalar que delas 76 eran mais de fillas nada máis. Podemos ver a evolución do semestre no seguinte cadro:



Finalmente, como resultado de todas estas actividades, na zona do proxecto **naceron 815 nenas** durante este ano, **non se rexistrou ningún infanticidio e só se deu unha nena en adopción**. A gráfica seguinte amosa as nenas nadas no primeiro semestre. Neste momento hai 1758 nenas en seguimento, incluídas as últimas nadas.





## 2.2. Centro de apoio ás mulleres

Neste ano **54 mulleres** achegáronse ao centro de apoio ás mulleres para obter asistencia legal e/ou apoio psicolóxico. Os casos tratados poden clasificarse nas seguintes áreas:

- Disputas pola propiedade de terras e denegación de herdanza
- Violencia de xénero na familia
- Orientación para acceder ás axudas do goberno a familias que teñen varias fillas
- Asistencia para conseguir divorcio
- Asistencia legal por abandono do marido
- Orientación para obter certificado de nacemento
- Asistencia legal ante bigamia
- Orientación sobre reclamación de compensación por morte accidental.



Como parte do traballo do Centro este realiza tamén sesións de educación legal nas aldeas do proxecto. As campañas desenvolvidas ao longo de todo o ano foron dirixidas polo señor Divahar, avogado e pola señora Sridevi, xornalista feminista. Ademais, PDI estableceu bos contactos coa

autoridade de asistencia legal do distrito de Salem e tamén envían letradas e letrados para participar nestas sesións informativas para as mulleres. Nelas infórmase sobre a Lei contra violencia doméstica [sic] da India, dereito á herdanza e propiedade, os programas de apoio ás nenas, apoio legal gratuíto e a lei contra os matrimonios infantís. Despois da sesión as mulleres reciben asesoramento legal in situ.

### **2.3. Actividades para o cambio nas percepcións e comportamentos de xénero**

Se ben as actividades anteriores son importantes, dende o enfoque do programa o fundamental é cambiar as percepcións de xénero que permiten que exista o infanticidio e outras formas de violencia de xénero relacionada. Para isto trabállase con diferentes estratexias que de seguido detallamos.



#### ***-Grupos de axuda mutua***

Os grupos de axuda mutua son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e para aforrar dos seus propios cartos. Este fondo vaise rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen dar, con que interese con que prazos de devolución. É unha forma endóxena de que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día. Igualmente, cumpre unha importante función en canto ao empoderamento das mulleres, dado que proporciona unha plataforma común dende a cal solucionar problemas tanto persoais coma sociais das súas integrantes ou da comunidade en xeral. Os grupos son unha fonte de apoio mutuo para as mulleres e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.

**Este ano formáronse 18 grupos novos, o cal leva a un total acumulativo de 128 grupos que integran a 1515 mulleres. Neste ano aforraron 19.850 euros. Levan aforrado 70.000 euros dende o inicio do programa.** Todos os grupos distribúen crédito ás súas integrantes.

Para que os grupos funcionen correctamente, as representantes que teñen cargos electos e que son as signatarias das contas bancarias recibiron formación durante este ano. Estes son cargos sempre rotatorios, o cal fai que as mulleres vaian recibindo formación de tanto en tanto. O persoal encargouse de facilitar a formación en cada aldea. Neste ano formáronse **32 representantes de 16 grupos** dos catro bloques. A formación tivo lugar en xaneiro (27 e 28) para os bloques de Omallur e Tharamangalam e en Novembro (12 e 13) para os de Edaipadi e Konganapuram. Os temas tratados foron:


- Que é un GAM?
- Obxectivos dun GAM
- Importancia do aforro
- Mantemento dos libros de actas
- Contabilidade
- Crédito interno e acceso a crédito bancario

Ademais, as integrantes de dous grupos recibiron capacitación laboral en cursos organizados pola autoridade local de Koundenpatty e Poolampatti, dúas vilas do bloque de Edapadi. As traballadoras de base e asesoras animaron as mulleres a participar e coordinaron o curso coa autoridade local. **15 mulleres**

dos grupos Selva Vinayaga e Amman participaron en cursos de bordado, preparación de especias e fabricación de cepillos.

Porén, estas non son as únicas actividades dos grupos. Neste ano realizáronse sesións cos grupos para tratar temas de xénero. As traballadoras de base organizan sesións con grupos do programa e con outros creados polo goberno ou por outras ONGs dentro doutras intervencións normalmente puramente económicas. As sesións tratan de temas como os dereitos das mulleres e tentan que as mulleres busquen vías para exercelos. **Neste período participaron 1236 mulleres de 101 grupos de aforro.**

A seguinte táboa amosa as sesións de sensibilización de xénero impartidas durante o que vai de ano:



### ***-Sensibilización de xénero para homes***



Xa dende 2013 se detectou a necesidade e situación proclive para comezar coa formación de xénero para homes. Nestas xornadas de

sensibilización tratouse sobre todo o espazo do privado e a necesidade dun cambio de actitudes e comportamentos no doméstico. Este traballo que comezou o ano pasado continúa neste con 53 sesións de formación no nas que **participaron 559 homes.**

***-Capacidades para a vida para adolescentes***

Co obxectivo de sensibilizar a mocidade con respecto a cuestións relativas á igualdade de xénero e mellorar as súas capacidades xerais organizouse un curso de capacidades para a vida para adolescentes en diferentes aldeas. As traballadoras organizaron os cursos durante dúas tardes consecutivas e tratáronse os seguintes temas, ademais do tema xeral da igualdade de xénero:



- Empatía
- Resolución de problemas
- Relacións interpersoais
- Pensamento crítico
- Comunicación
- Pensamento creativo
- Xestión do estrés
- Coñecemento dunha/dun mesma/os
- Toma de decisións



- Xestión das emocións

**Neste ano participaron 701 mozas e 679 mozos (1380 en total).**

### ***-Clubs de xénero***

Ademais das capacidades para a vida, o equipo do programa animou a mocidade a poñer en marcha clubs de xénero en cada aldea. A maioría da mocidade quixo participar. Os obxectivos principais dos clubs de xénero son sensibilizar a mocidade sobre cuestións de xénero e conseguir que sexan cidadás e cidadáns sensibilizados. Porén, o programa tamén os concibe como unha ferramenta de prevención do infanticidio. Neste período os resultados foron moi positivos dado que as e os integrantes dos clubs comezaron a informar o persoal sobre familias de alto risco. Neste ano **473 mozas e 490 mozos (963) participaron nos clubs de xénero que neste momento ascenden a 74.** Debateron os seus plans de acción e as cuestións de xénero polas que queren comezar a traballar.




**-Campañas de teatro de rúa**

O teatro de rúa é unha ferramenta que o proxecto leva utilizando dende o inicio para provocar debate e transformar os papeis de xénero existentes. O programa

conta cun equipo voluntario de 10 mulleres, incluídas as traballadoras do proxecto, que

realizan actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero, dende a alfabetización aos matrimonios de adolescentes. Neste ano organizáronse obras en **69 aldeas** e a asistencia foi de **6800 persoas**. A seguinte táboa amosa a evolución desta actividade dende o inicio do ano.



***-Celebración do 8 de marzo e do 25 de novembro***

O programa celebrou tanto o Día Internacional das Mulleres coma o Día de Erradicación da Violencia contra as Mulleres.

No primeiro caso os actos aglutináronse o 9 de marzo no bloque de Tharamangalam. Dúas mozas do grupo de adolescentes “Samam” que son voluntarias de xénero nas súas aldeas e oito GAM recibiron galardóns polo seu traballo destacado a prol da igualdade de xénero. Como medida de prevención do infanticidio feminino e para promover a igualdade de xénero en xeral, PDI creou estes grupos de adolescentes xa mencionados que se chaman “Samam”, que quere dicir “iguais”, e nos que participan mozas e mozos que se forman para facer voluntariado de xénero nas súas aldeas. Yasodha, unha moza de duodécimo curso e Sowmya, no primeiro ano da universidade, pertencen a estes grupos e recibiron recoñecemento por impedir un matrimonio infantil e polos esforzos feitos para que unha moza deixara a escola puidese volver a ela.

Os oito GAM que foron premiados foi en recoñecemento ao seu traballo activo á hora de intervir en diferentes cuestións como evitar matrimonios infantís, axudar a que nenas que deixaran a escola puidesen retomar os estudos, protestar por unha tenda de licor ilegal na súa zona, por traer auga potable á súa vila e por reclamar unha retribución igualitaria das axudas que se dan no programa de emprego rural do goberno da India Mahatma Gandhi. Os premios foron distribuídos polo doutor Venkadachalam, director do departamento de socioloxía da universidade Periyar en presenza do doutor Ila. Ambalavanan e Sheela Vincent de PDI. O doutor Venadachalam valorou o traballo das mulleres





dos GAM e das e dos voluntarios de xénero pola súa implicación en cuestións de tipo social. Engadiu que as mulleres teñen que ter todas as vías de participación abertas para o seu propio desenvolvemento, a responsabilidade delas é escoller as axeitadas. En canto ao papel das

ONGs como PDI destacou a importancia do papel de orientadoras e tamén puxo énfase na importancia da alfabetización como educación, non só como unha vía para o emprego, senón como unha vía para mellorar a auto estima. O doutor Ambalavanan, director de PDI, motivou ás mulleres dos GAM a crecer no económico poñendo en marcha os seus propios negocios e que usasen as posibilidades de crédito dos grupos neste sentido, e non só para cubrir necesidades familiares, algo fundamental nun país onde só o 25% das mulleres teñen emprego remunerado. O voluntariado de clubs de xénero representou a obra de teatro de rúa “Kolusu contra o matrimonio infantil”.

O día 25 de novembro celebrouse no programa o Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres cunha cadea humana contra o feticidio na estación de buses de Omallur. Esta é unha data que se celebra dende o ano 2011 no proxecto e a partir de 2012 as mulleres expresaron o seu desexo de tratar o tema do feticidio feminino de xeito que nos dous últimos anos se organizou unha cadea humana e Omallur e Edapadi diante do hospital e dun centro de ecografía onde se practicaba a revelación ilegal do sexo do feto para logo realizar abortos selectivos.

Durante este ano nas visitas aos GAM a maioría das mulleres de Omallur expresaron a súa necesidade de loitar contra o feticidio porque un hospital en concreto que ten ecógrafo se dedicaba a revelar o sexo do feto e promovía os abortos selectivos. Ademais, nos últimos dous meses as autoridades tomaron medidas contra dous centros de ecografía no bloque de Omallur. Aínda así, o crime segue acontecendo polo que se decidiu organizar unha manifestación e unha cadea humana diante do hospital para denunciar o feticidio. O 25 de novembro foi escollido como o día para facelo e case 100 mulleres de GAM e voluntariado dos clubs de xénero participaron para facer a cadea humana. As mulleres berraron eslogans en contra do feticidio feminino.

### **3. Conclusións**

O programa de erradicación do infanticidio feminino en Salem é un caso extraordinario para Implicadas tanto pola súa vasta área de traballo (4 bloques nas que hai máis de 69 municipios) como polos períodos de seguimento de 18 meses ás familias que tiveron unha nena, o cal fai que se prolongue no tempo máis ca noutros casos. A área tan ampla fai que resulta difícil a federación dos GAM porque hai distancias grandes entre eles. Ademais, debido á limitada capacidade económica dispoñible, este ano non se puido seguir co proceso de creación de federacións de GAM en cada bloque. Aínda así o proceso retomárase en 2015 e o equipo do programa analizará durante este ano as vías para poder comezar a traballar en novos bloques en 2016 con especial atención a rematar de afianzar estruturas sustentables que eviten que haxa retrocesos nos importantes logros conseguidos. En 2015 tamén se analizarán algúns puntos débiles como reincidencias (mulleres que xa pasaran polo programa pero que volven quedar embarazadas e con patróns de risco) e o problema aínda existente do fetidicio.

Todas as actividades aquí presentadas foron posibles grazas ao apoio de todas as socias, socios, voluntariado e traballadora de IMPLICADAS e sobre todo do persoal de PDI e das propias mulleres. Os

Cómpre agradecer a PDI e ás mulleres do programa os seus esforzos constantes por transformarse e transformar as sociedades nas que viven.

#### 4. Orzamento

A seguinte táboa amosa o desempeño económico para o ano. O programa foi financiado en exclusiva con fondos procedentes das cotas de socias/os e das actividades organizadas polo voluntariado de Implicadas.

INGRESOS		Euros		GASTOS		Euros	
Balance de apertura				Salarios	633166,00	<b>8.094,58</b>	
En man	663,00	<b>8,48</b>		Educación legal	49529,00	<b>633,19</b>	
No banco	833,50	<b>10,66</b>		<b>Formación sobre federación</b>		-	
Transferencias Implicadas				Honorario experta	0,00	-	
	907344,00	<b>11599,7</b>		Comida	0,00	-	
				Desprazamentos persoa experta	0,00	-	
				Material de oficina	12010,00	<b>153,54</b>	
				Xuntanzas persoal	16271,00	<b>208,01</b>	
				Coordinación	66614,00	<b>851,61</b>	
				Desprazamentos persoal	52800,00	<b>675,01</b>	
				Auditoría	6000,00	<b>76,71</b>	
				Comunicación	10490,00	<b>134,11</b>	
				Alugueiro e electricidade	38216,00	<b>488,56</b>	
				Mantemento informático	900,00	<b>11,51</b>	
				Vísita de seguimento de Implicadas	0,00	-	
				Programa dos Días Internacionais	10375,00	<b>132,64</b>	
				Comisións bancarias	0,00	-	
				Balance de peche		-	
				En man	11636,00	<b>148,76</b>	
				No banco	833,50	<b>10,66</b>	
<b>TOTAL</b>	<b>908840,50</b>	<b>11618,88</b>		<b>TOTAL</b>	<b>908840,50</b>	<b>11.618,88</b>	

## **ESTUDOS DE CASO**

### **Centro de atención ás mulleres**

**Pachiammal** vive no bloque de Omallur e foi derivada ao centro de atención ás mulleres por parte dunha compañeira dun GAM. O seu fillo, Ramasamy foi atopado afogado nun lago preto da súa casa e ela tiña dúbidas sobre a morte do seu fillo. Dixo que o seu fillo estaba solteiro e que lle deran unha malleira e o botaran ao lago, que un tal Arumugam Konnar a informara da morte do seu fillo e que de inmediato ela e o seu fillo máis vello foron e atoparon o corpo sen vida no lago, se ben xa pasaran dous días dende a súa morte. Puxeron unha denuncia na comisaría de Omallur e fíxoselle a autopsia. Entrementres a policía obtivera a sinatura do seu fillo máis vello nunha folla en branco na que logo escribiron unha declaración na que afirmaban no seu nome que o irmán que morrera tiña problemas persoais, estaba no paro e que daquelas se suicidara. Tomando isto como base, pecharon o caso como suicidio. Cando Pachiammal se opuxo a policía negociou con ela e co seu fillo máis vello que lles darían 200.000 rupias se non puñan denuncia. Nesta situación Pachiammal veu ao centro de apoio ás mulleres. O avogado, o señor Divahar, recomendoulle presentar o caso ao gobernador e presentar unha denuncia na que se esixise unha nova autopsia. Tamén lle recomendou mandar copias da denuncia a asuntos internos de Salem e á dirección xeral de policía de Chennai. Pachiammal seguiu as indicacións do avogado e se ben novamente a autopsia volveu indicar suicidio, o caso chegou aos tribunais e vanse abrir novas dilixencias ao respecto.

**Poongothai** ten 17 anos e vive na aldea de Kollapatti, no bloque de Omallur. O seu pai morreu hai dous anos. Ten unha irmá máis nova que está en 8º curso.

A súa mai encárgase das dúas traballando como xornaleira da agricultura. Poongothai e a súa mai viñeron ao centro de atención ás mulleres buscando orientación profesional. A moza sempre fora ben nos estudos e sacara boas notas pero cando morreu o seu pai, xusto dous días antes da selectividade, as súas notas foron malas. A orientadora preguntoulle a Poongothai que quería facer na vida e ela explicoulle que quería ter estudos e un traballo para poder atender a súa mai e a súa irmá. A orientadora animouna a matricularse en química ou bioloxía, aínda que non fosen a súa primeira opción pero que si lle daría a nota. Tamén a informou dos cursos adicionais a tempo parcial que pode seguir para mellorar as súas opcións laborais.

Poongothai é a primeira persoa da súa familia que remata a secundaria co cal existen programas de apoio gubernamentais para ela. O persoal do programa fixo seguimento dos procesos burocráticos para conseguir que puidese matricularse no Seven Arts College de Salem. O persoal acompañou a Poongothai á entrevista de admisión e foi admitida no centro na cota reservada ás persoas que son as primeiras en rematar a secundaria na familia.

**Mariyammal** ten 34 anos e vive en Chettimankurichi, no bloque de Edapadi. Ela e o seu home traballan como xornaleiras na agricultura. Teñen xa dúas fillas de 10 e 6 anos. As veciñas faláronlles desta familia ás traballadoras e informaron de que Mariyammal estaba embarazada de novo. Cando o persoal de base foi falar con ela, esta enfadouse. Durante a segunda visita na que ía tamén a orientadora, Mariyammal confesou que non fora a revisión e que estaba no 6º mes de embarazo e que non se rexistrara en ningún lugar. Cando a orientadora lle preguntou explicou que planificaran saber o sexo do feto e que só despois disto decidirían se seguir adiante co embarazo ou non. A



orientadora falou con ela e animouna a ir ao centro de saúde, ademais de mellorar a súa dieta e ter en conta o plan de vacinación. Durante a terceira visita botouse a chorar ao ver o persoal e dixo que fixeran a ecografía no distrito de Namakkal, o veciño de Salem, e que viran que era unha nena. O seu home tamén estaba na casa durante a visita e ambas as dúas persoas recibiron asesoramento e sensibilización de xénero. Explicáronlles tamén os riscos dun aborto nesa altura e o persoal foi coa parella ao centro de saúde. O persoal continuou con seguimento e cando pariu animárona a tomar medidas anticonceptivas permanentes. Na seguinte visita amosouse contenta e informou de que fixera a ligadura de trompas. A nena ten 4 meses e estará en seguimento 14 máis.

**Seetha** ten 26 anos e vive na aldea de Thekkamapatti no bloque de Omallur. ■ Ela e o seu home xa teñen 4 nenas de 12, 10, 6 e 4 anos. O persoal identificouna no seu 5º embarazo. Ao falar con ela descubriron que xa estivera en seguimento durante o 4º embarazo pero que ao ter unha nena o seu sogro non a aceptara e a mandara vivir na casa da súa nai durante uns anos. Agora pensaban que o 5º sería un neno e por iso a deixaran volver. Tiña moito medo ante a situación e recibiu asesoramento e apoio emocional. O persoal reuniuse co seu home e faloulle da situación, recibiu asesoramento e a partir de aí cambiou de opinión e comezou a apoiar a súa muller. Na seguinte visita organizouse un diálogo familiar co home e a familia política. Falouse de cuestións relativas a igualdade de xénero e dos perigos de saúde aos que estaban expoñendo a Seetha. Falouse tamén de planificación familiar. Seetha tivo unha nena e fixéronlle a ligadura de trompas. Toda a familia aceptou a meniña que ten agora 10 meses. Seguirán outros 8 en seguimento.

